

Proposta de comentario de texto poético. *En pé!* Ramón Cabanillas (ogalego.eu)

Estamos ante un poema lírico de tema social-patriótico publicado por Ramón Cabanillas en *Da terra asoballada*, 1917.

Todo o poema é un berro, unha chamada de atención, por iso a abundancia de signos de admiración para reforzar o ton apostrofico.

En pé!

Título breve pero forte, chamada que logo irá glosando nas estrofas. Non se pode seguir igual, hai que cambiar a situación

Irmáns! En pé sereos

No 1º verso vemos que o suxeito poético apela, chama aos Irmáns, os galeguistas (Irmandades da Fala) para que se ergan con serenidade, con firmeza

a limpa fronte erguida,

somos xente de ben, positiva, honrada, sen nada que ocultar; erguidos, reforzo de *en pé*.

envoltos na brancura

da luz que cae de riba,

bañados pola luz do sol (positiva, branca), á luz do día, sen medo, con determinación

encabalgamento, que se repetirá na segunda estrofa, cunha unidade rítmica de dous versos

o corazón aberto

a toda verba amiga

dispostos a escoitar a mensaxe, as palabras amigas, con total receptividade

e nunha man a fouce

e noutra man a oliva,

versos paralelísticos para as dúas formas de loita. A violenta (fouce, logo símbolo do marxismo) e a pacífica (a oliva símbolo da paz)

arredor da bandeira azul e branca,

arredor da bandeira de Galicia,

de novo dous versos paralelísticos e anafóricos para a bandeira de Galicia, aquilo que une a todos os galegos. Nas tres estrofas os dous versos hendecasílabos están dedicados á bandeira común dos galegos

cantémo-lo dereito

á libre nova vida!

Suxeito poético *nós*, polo que a chamada é para todos os galegos. O hipérbato do último verso marca a palabra máis importante: **libre**. A estrofa conclúe reforzando a chamada a liberar Galicia, unha nova Galicia.

Así remata a primeira parte, a introdución: presente, chamada a loitar por Galicia.

10 versos heptasílabos e 2 hendecasílabos con rima nos pares.

Validos de traidores

a noite de Frouseira

á patria escravizaron

uns reises de Castela.

Valéndose de traidores os Reis Católicos conseguiron rematar coa rebeldía de Pero Pardo de Cela e entraren no ben defendido castelo da Frouseira. Coa súa morte comeza a *doma e castración de Galicia*, os tempos escuros da Terra.

Comestas polo tempo (comidas polo tempo)

xa afrouxan as cadeas...

mais o século XV xa queda lonxe, xa estamos noutros tempos, nos tempos das Irmandades: o tempo comeu as cadeas da escravitude

Irmáns asoballados

de xentes estranxeiras,

irmáns oprimidos, escravizados, por xente de fóra, alleos a Galicia

ergámo-la bandeira azul e branca!

E ó pé da enseña da nación galega

levanemos a bandeira común, e xunto á insignia do nosa nación (Cabanillas xa non fala de **alma rexional** coma en *Acción Gallega*, agora xa é **nación**). De novo os versos longos para a bandeira.

Antes era *arredor dela*, agora xa a *erguemos*, un paso máis

cantémo-lo dereito

á libertá da Terra!

repetición do mesmo penúltimo verso da estrofa, porque é un dereito adquirido polos galegos de novo coclúe coa petición de liberdade, na 1ª da vida, agora da Terra (maiúscula, porque é Galicia, así era o nome que se lle daba habitualmente)

Fin da segunda parte do poema: referencia histórica á época negra de Galicia, cando perdeu a súa liberdade e nova conclusión de chamada á loita.

Irmáns no amor a Suevia

de lexendaria historia,

O Reino Suevo foi unha época gloriosa nos séculos V-VI, lendaria, o maior esplendor do reino de Galicia; por iso debe servir de exemplo positivo

¡en pé! ¡En pé dispostos

a non morrer sen loita!

repetición das palabras do título dúas veces para reforzar a idea

loita ata o final, ata a mesma morte

¡O día do Medulio

con sangue quente e roxa

coa resistencia aos romanos no monte Medulio no S. I aC (antes mortos ca escravos, o suicidio antes ca entregarse)

obsérvese que os exemplos míticos da historia positiva son anteriores no tempo aos negativos da segundo estrofa

mercámo-lo dereito

á libre, honrada chouza!

os devanceiros heroes co seu exemplo xa nos mercaron o dereito á libertar a terra

novo hipérbato para reforzar a idea de liberdade

Xa está ó vento a bandeira azul e branca!

xa, presente, novos tempos, os das Irmandades, dos novos galeguistas. Agora só un verso para a bandeira que xa ondea (gradación: arredor, erguemos, ondea)

A oliva nunha man, a fouce noutra,

volven aparecer a oliva e a fouce, agora no mesmo verso e primando a oliva: antes a loita pacífica

berremos alto e forte:

no remate temos que berrar (xa non só cantar) e facelo alto e forte, que escoiten todos. *Berrar* xa é alto e forte, inclúense os adxectivos para reforzar o berro

“A nosa terra é nosa”!

entre comiñas, a consigna dos galeguistas, como a nosa terra pertencía a xentes alleas (Castelao: *a nosa terra non é nosa, rapaces*), temos que conseguir que sexa nosa

Así remata este poema nacionalista e galeguista, un dos máis importantes e repetidos da literatura galega. Publicado no libro *Da terra asoballada*, o título do libro tamén está en consonancia co do poema. Mesmo se chegou a falar de que daría un bo himno galego, mais xa estaba o de Pondal.

Foron tres estrofas iguais, de 12 versos con rima nos pares. Heptasílabos e hendecasílabos (a bandeira), con unidades rítmicas de dous versos en varias ocasións.

Na seguinte ligazón tedes máis textos comentados:

https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/lit/comentarios.html